



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA

No [DOG nº 88](#) do martes 8 de maio sae publicado o Decreto 85/2007, do 2 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Convivencia Escolar, un órgano colexiado de carácter consultivo e de apoio a

toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar, adscrito á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. O observatorio

organízase en tres niveis: autonómico, provincial e de centro educativo.

[Acceso web de convivencia](#)

PREMIOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

No [DOG nº 88](#) do martes 8 de maio sae publicada a Orde do 18 de abril de 2007 pola que se convocan premios á innovación educativa para o profesorado de centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos, para o

ano 2007. Poderá participar nesta convocatoria o profesorado que desenvolvese experiencias no curso 2006-2007. O obxectivo desta orde é a convocatoria de vinte e cinco premios á innovación e investigación educativa cunha contía

total de 32.000 euros distribuídos en dúas modalidades. O prazo de presentación de solicitudes para as dúas modalidades finaliza o día 15 de setembro de 2007.

ANTICIPACIÓN DA LINGUA ESTRANXEIRA EN EDUCACIÓN INFANTIL

No [DOG nº 90](#) do xoves 10 de maio sae publicada a Orde do 30 de abril de 2007 pola que se convoca a realización de proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación

infantil. Poden participar todos os centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Prazo de presentación de solicitudes ata o 15 de xuño de 2007.

Máis información na páxina [rede de centros bilingües](#).

PLAN DE SECCIÓN BILINGÜES

No [DOG nº 87](#) do luns 7 de maio sae publicada a orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de Seccións Bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario. Vai dirixido

aos centros sostidos con fondos públicos de primaria, secundaria e formación profesional dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O prazo para a presentación de solicitudes rematará o 31 de maio.

Unha sección bilingüe é a impartición dunha materia non lingüística en lingua estranxeira.

Contido:

Resolto o concurso de webquest sobre as letras galegas	2
17 de maio, Día das Letras Galegas	2
Actividades organizadas co alumnado e coas familias	2
Seminario Internacional sobre Migración e Desenvolvemento	2
Plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación	3
Proxectos TIC	3
Ciclos formativos	3
Bacharelato para adultos a distancia	3
Programa acércate	3
Premios fin de carreira	4
Prazas de asesores	4
Ensinanzas superiores	4
Día de Internet e da sociedade da información	4

RESOLTO O CONCURSO DE WEBQUEST SOBRE AS LETRAS GALEGAS

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



O pasado martes, 8 de maio, resolveuse o concurso de webquests convocado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con motivo das Letras Galegas

2007. Esta primeira edición destacou pola alta participación e pola calidade dos traballos presentados.

[Máis información e acceso aos traballos premiados](#)



17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Como cada ano dende 1963, o 17 de maio conmemoraremos o Día das Letras Galegas, dedicado esta vez á poetisa de Noia María Mariño Carou. Todos os centros

educativos están lembrando a súa figura e, da súa man, están celebrando a festa da lingua.

Acceso a información e a materiais no Portal Gale-

go de [Contidos Educativos](#) e no [web de Política Lingüística](#).

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



ACTIVIDADES ORGANIZADAS CO ALUMNADO E COAS FAMILIAS

No [DOG nº 88](#) do martes 8 de maio sae publicada a orde do 2 de maio de 2007 pola que se convocan axudas económicas para a organización durante o ano 2007 de actividades de formación, complementarias ao ensino regrado, organizadas por asocia-

cións e fundacións con fins pedagóxicos e sen ánimo de lucro e mais dirixidas ao alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos e ás súas familias. As asociacións e fundacións interesadas deberán dirixir as súas solicitudes á Consellería de

Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. O prazo para a presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



SEMINARIO INTERNACIONAL SOBRE MIGRACIÓN E DESENVOLVEMENTO

A Secretaría Xeral de Emigración, a Universidade da Coruña, a Federación Galega de Asociacións de Inmigrantes "Fillos do Mundo" e a Federación Galega de Asociacións de Inmigrantes Retornados organizan conxuntamente o Seminario

Internacional "Migración e Desenvolvemento", enmarcado dentro do Proxecto Equal Convive+, que se celebrará os días 15 e 16 de maio en Santiago de Compostela.

[Acceso ao programa.](#)



PLANS DE AUTOAVALIACIÓN E MELLORA DA CALIDADE DA EDUCACIÓN

Plan Galego de Convivencia

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



No [DOG nº 91](#) do venres 11 de maio sae publicada a Orde do 30 de abril de 2007 pola que se convoca a selección e renovación de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros edu-

cativos para o curso 2007/2008. O desenvolvemento do plan de mellora da calidade dará comezo o 1 de outubro de 2007 e rematará o 30 de maio de 2008. O prazo de presentación de instancias rematará

o 15 de xuño de 2007. Os centros participantes no curso anterior poderán solicitar a súa renovación.

Sextos Encontros de Educación Infantil



No [DOG nº 87](#) do luns 7 de maio de 2007 sae publicada a orde do 18 de abril pola que se convocan axudas para a realización de proxectos de innovación educativa para a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación á educación para o curso 2007-2008. Vai diri-

PROXECTOS TIC

xido a todos os centros públicos do ensino non universitario dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da dita convocatoria.



CICLOS FORMATIVOS

No [DOG nº 87](#) do luns 7 de maio sae publicada a orde do 23 de abril de 2007 pola que se regula o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional, en réxime ordinario e para as persoas adultas, e as probas libres para

a obtención dos titulados de técnico e técnico superior. Vai dirixido aos centros docentes públicos e privados do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan estas ensinanzas.



BACHARELATO PARA ADULTOS A DISTANCIA

Plan Valora

<http://www.edu.xunta.es/valora>



No [DOG nº 88](#) do martes 8 de maio sae publicada a orde do 26 de abril de 2007 pola que se organizan as ensinanzas de bacharelato a distancia para adultos na Comunidade Autónoma de Galicia. Nestas ensinanzas haberá dúas modalidades:

bacharelato de adultos a distancia semipresencial e bacharelato de adultos a distancia. Ao remate destes estudos o alumnado poderá acceder á universidade polo mesmo procedemento cō alumnado do bacharelato ordinario.



PROGRAMA ACÉRCATE

Programa formativo que ten como obxectivo proporcionarlles aos estudantes de bacharelato a oportunidade de entrar en contacto co mundo da investigación. A convocatoria a nivel nacional esta dirixida ao

alumnado de segundo de bacharelato da modalidade de ciencias da natureza e da saúde. Os alumnos/as seleccionados gozarán dunha beca para desenvolver unha estadía formativa de dúas semanas de dura-

ción no Centro Nacional de Investigaciones Cardiovasculares, en Madrid.

[Máis información.](#)

PREMIOS FIN DE CARREIRA

No [DOG nº 89](#) do mércores 7 de maio sae publicada a orde do 20 de abril de 2007 pola que se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que remate os seus estudos universitarios no ano

2007 nas universidades do sistema universitario de Galicia. A contía do premio é de 3500 euros. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 29 de setembro do 2007.



Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas

PRAZAS DE ASESORES

No [DOG nº 89](#) do mércores 9 de maio sae publicada a orde do 30 de abril de 2007 pola que se convoca concurso de méritos específicos entre funcionarios de carreira dos corpos do-

centes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para cubrir prazas de asesores na Consellería de Educación. O prazo de presentación de instancias será de 20 días hábiles a partir do día seguinte

ao da publicación da convocatoria no DOG.

ENSINANZAS SUPERIORES DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

No [DOG nº 89](#) do mércores 9 de maio sae publicada a orde do 25 de abril de 2007 pola que se regula a avaliación, a acreditación académica e a mobilidade do alumnado que cursa as

ensinanzas superiores de Artes Plásticas e Deseño e as de Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÍA DE INTERNET E DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

O día 17 de maio celébrase o "diadeinternet". Por iniciativa da Asociación de Usuarios de Internet, co obxectivo de dar a coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías e de pro-

mover o acceso xeneralizado á rede, organízanse en toda España congresos, xornadas, seminarios, actividades de formación, cursos, xogos e moitos outros actos sobre os que se

informa no web oficial do evento.

[Máis información.](#)